



Concello de Bueu

Expediente	1677/2019
Código SIA	1398857
Procedemento	Seleccións de Persoal e Provisións de Postos
Asunto	Procedemento para cobertura transitoria da praza vacante de ARQUITECTO SUPERIOR do concello, en Comisión servizos, con carácter voluntario, entre funcionarios de distinta corporación municipal
Unidade Xestora	Secretaría
Documento	Anuncio de Alcaldía para taboleiro electrónico (sede electrónica concello Bueu)
Trámite	Convocatoria e bases reguladoras do procedemento para cobertura transitoria da praza vacante de ARQUITECTO SUPERIOR do concello, en Comisión servizos, con carácter voluntario

ANUNCIO

Mediante acordo da Xunta de goberno local (XGL), adoptado na sesión ordinaria celebrada o 22 de xullo de 2019, convocouse o procedemento de mobilidade funcional de empregados públicos, mediante comisión de servizos voluntaria, para a cobertura temporal da praza vacante de Arquitecto superior do concello de Bueu.

O prazo para a presentación de solicitudes será de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP.PO). O anuncio da publicación da convocatoria de dito procedemento no BOP.PO será igualmente publicado no taboleiro electrónico do concello de Bueu ao que se accede a través da sede electrónica do concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal>).

As bases do procedemento se adxuntan como anexo ao presente anuncio.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria faranse públicos no Taboleiro electrónico de anuncios do concello

O que se fai público para xeral coñecemento.

(documento asinado electronicamente)



Concello de Bueu

ANEXO: BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE MOVILIDADE FUNCIONAL DE EMPREGADOS PÚBLICOS, MEDIANTE COMISIÓN DE SERVIZOS VOLUNTARIA, PARA A COBERTURA TEMPORAL DA PRAZA VACANTE DE ARQUITECTO SUPERIOR DO CONCELLO.

1.- Obxecto, características do posto de traballo, normativa de aplicación e réxime xurídico

É obxecto destas bases a regulación do procedemento para a cobertura temporal e transitoria, por mobilidade funcional, baixo a modalidade de comisión de servizos voluntaria, da praza vacante correspondente ao posto de ARQUITECTO SUPERIOR do concello de Bueu, ata que non se produza a súa cobertura interina ou definitiva.

As razóns da urxente e inaprazable necesidade que xustifican o procedemento regulado nas presentes bases se atopan recollidas no informe-proposta do órgano xestor, emitido polo concelleiro delegado de urbanismo, en data 11 de xullo de 2019.

O posto de traballo cuberto temporalmente será incluído, no seu caso, na correspondente oferta de emprego público para a súa cobertura definitiva, sen perxuízo do correspondente procedemento para a súa cobertura interina ata a súa provisión definitiva.

O posto de traballo ao que corresponde a praza vacante ten as seguintes características:

- Denominación: Arquitecto Superior
- Código catálogo: non consta
- Escala: Administración especial
- Subescala: Técnica superior
- Grupo de pertenza: A1
- Nivel: 25
- Titulación: Título de Arquitectura ou grado en fundamentos da arquitectura xunto co máster universitario habilitante oficial en arquitectura.
- Departamento de adscrición: Urbanismo, medio ambiente e actividade de supervisión
- Xornada: Ordinaria (art. 22 acordo regulador das condicións de emprego do persoal funcionario ao servizo do concello de Bueu).
- Complemento Específico Anual: 14018,76 euros brutos (14 mensualidades), máis as adecuacións previstas nas Leis de Presupostos Xerais del Estado que, no seu caso, correspondan.

En canto ao contido do posto, desempeñará as funcións e tarefas propias da titulación correspondente a arquitecto superior, nas áreas correspondentes ao departamento de adscrición, entre elas as relativas ás obras públicas, ordenación do territorio, urbanismo, vivenda, patrimonio e medio ambiente, tales como estudo, administración, elaboración de informes, memorias, proxectos, valoracións, orzamentos, asesoramento, inspección urbanística, coordinación e propostas propias da profesión para cuxo exercicio habilite a titulación de Arquitecto, e as tarefas complementarias que se lle encomenden; entre outras, a título orientativo, e sen ánimo de exhaustividade, as seguintes, consonte o establecido no catálogo de función para dito posto:



Concello de Bueu

- Emisión dos informes, propostas, estudos e demais de carácter técnico precisos dentro da súa competencia. Sen perxuízo do anterior corresponderalle: Informes de licencias de obras, demolicións, etc.
- Redacción e dirección de obra de proxectos de obras de promoción pública vinculadas co Concello.
- Redacción e tramitación de expedientes de modificación e revisión do planeamento xeral e de desenvolvemento que corresponda e Instrumentos de Xestión urbanística.
- Informes técnicos de disciplina urbanística da súa competencia.

Asemade asume as funcións do aparelador do concello nos casos de vacante, ausencia ou permiso do empregado que ocupa a praza correspondente.

Será de aplicación ao procedemento o previsto nos artigos 81 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do Estatuto básico do empregado público, o artigo 64.1 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo e 96 da Lei de emprego público de Galicia.

Para todo o non previsto nestas Bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei 40/2015 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas, Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común, na lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, no Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

As presentes bases desta convocatoria vinculan a Administración municipal, á comisión de valoración e aos aspirantes que participen no proceso convocado o seu abeiro.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesma e das actuacións da Comisión de valoración, poderán ser impugnados polos/as interesados/as no caso e na forma establecidos na Lei Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, así como na Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

2.- Duración da comisión de servizos.

O prazo de duración máxima da comisión de servizos será de un ano, coa posibilidade dunha única prórroga por un ano máis, nos termos previstos no apartado 3º do artigo 64 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, sempre que non se houbera procedido a súa provisión definitiva ou en réxime de interinidade.

Tendo en conta o carácter provisional e temporal da comisión de servizos o mesmo é revocable. Dita revocabilidade da comisión de servizos ata antes da expiración do prazo fixado para ela, non xenera dereito algún no/a funcionario/a ao seu mantemento, pois a mesma concédese e revoga sobe a base das necesidades organizativas da Administración.



Concello de Bueu

O posto de traballo cuberto temporalmente será incluído, nos termos previsto na norma de aplicación no momento correspondente, na seguinte convocatoria de provisión polo sistema que corresponda.

A relación funcional co concello de Bueu cesará, en todo caso, cando o correspondente posto de traballo sexa cuberto ben interinamente ou ben con carácter definitivo.

3.- Publicidade do procedemento

A convocatoria do correspondente procedemento regulado nestas bases será obxecto de publicación no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra

De forma complementaria, a convocatoria e as bases serán publicadas no taboleiro electrónico de anuncios do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>) e na páxina web (www.concellodebueu.gal).

O resto de actos do procedemento, tales como lista de admitidos e excluídos, as causas motivadoras da exclusión, os membros integrantes do órgano de selección, así como a data, lugar e hora en que teña lugar a entrevista persoal e cualquier outro relacionado co presente procedemento, publicaranse no Taboleiro electrónico de anuncios do concello(<https://bueu.sedelectronica.gal>) e de forma complementaria, na páxina web (www.concellodebueu.gal).

4.- Requisitos dos candidatos

Para participar no proceso selectivo, os/as aspirantes deben ser arquitecto/a, funcionario/a de carreira, da escala de administración especial, subescala técnica superior, pertencente ao grupo A, subgrupo A1, atoparse en situación de servizo activo e non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado/a para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario.

Estes requisitos deberán poseerse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación.

Xunto cos requisitos anteriores, os participantes deberán contar coa conformidade da administración pública de procedencia

5.- Solicitudes de participación.-

A solicitude de participación no procedemento selectivo deberá facerse mediante instancia dirixida ao alcalde do concello de Bueu, en modelo que se facilitará no rexistro do concello e no taboleiro de anuncios electrónico (<https://bueu.sedelectronica.gal>) e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Bueu, en horario de 8 a 13.30 horas, de luns a venres. As instancias tamén poderán ser presentadas nas formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). Non obstante, de cara a axilización na formación da Bolsa de Emprego, requírese aos aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, para que adianten copia da solicitude a través de correo electrónico á dirección secretaria@concellodebueu.gal adxuntando copia selada da solicitude presentada no organismo correspondente.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Concello de Bueu

sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

Os aspirantes quedan vencellados aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento ben de oficio ben a instancia de parte.

O prazo de presentación de solicitudes é de **quinze (15) días hábiles, que se iniciará o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.PO.**

Coa presentación da solicitude de participación neste procedemento entenderase que os/as interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria, e que manifestan, baixo a súa responsabilidade que dispoñen da documentación que acredita o cumprimento dos requisitos.

Para ser admitido será necesaria a presentación, xunto coa solicitude de participación debidamente cumprimentada e asinada, da seguinte documentación:

- Certificación, expedida por órgano competente da administración pública de procedencia do candidato, comprensiva da condición de funcionario de carreira, desempeñando o posto de arquitecto, pertencente ao Grupo A, subgrupo A1 e en servizo activo, nivel de destino consolidado e antigüidade recoñecida.
- Documento, expedido por órgano competente da administración pública de procedencia do candidato, comprensiva da conformidade de dita administración coa comisión de servizos
- Currículum profesional ao que deberá axuntarse os documentos acreditativos dos extremos consignados nel. Non serán tidos en conta datos consignados no curriculum que non dispoñan da correspondente acreditación documental.

6º.- Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación, o alcalde ditará resolución no prazo máximo de cinco (05) días declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación se é o caso, dos seus apelidos, nome e número de documento nacional de identidade, co cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, e das causas determinantes das exclusións que procedan, así como o prazo de subsanación de deficiencias e presentación de reclamacións que se concede aos aspirantes excluídos, non superior a tres (3) días.

Esta resolución será publicada no Taboleiro electrónico do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>), sen perxuízo da publicación complementaria na páxina web (www.concellodebueu.gal).

Na mesma resolución determinarase a composición da Comisión de valoración.

Si se formularan reclamacións, estas serán resoltas no mesmo acto administrativo que aprobe a lista definitiva, que se fará pública, así mesmo, na forma indicada para a lista provisional. Na mesma resolución indícarase a data, lugar e hora en que se celebrará a entrevista, á que fai referencia a base 8ª, que, en todo caso, realizarase transcorrido un mínimo de dez (10) días naturais desde a publicación.



Concello de Bueu

De non presentarse reclamacións, a lista provisional entenderase elevada automaticamente a definitiva, facéndose constar tal circunstancia no anuncio indicado no parágrafo anterior.

7º. Comisión de valoración.-

A composición da comisión de valoración axustarase ao previsto no artigo 59 da lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia non podendo ser parte do mesmo o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal, nin o persoal eventual.

O órgano de selección estará composto polo presidente e tres vocais e será asistido por un secretario. Os membros serán designados por resolución do alcalde, nos termos previstos na base anterior, e será publicada no taboleiro de anuncios electrónico do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>) e na páxina web (www.concellodebueu.gal). Todos os membros da comisión actuarán con voz e voto coa excepción do secretario que actuará con voz e sen voto.

Na súa composición deberase cumprir o principio de imparcialidade, profesionalidade e especialidade. A Comisión non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia, como mínimo, da metade máis un dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente.

Os acordos adoptados pola Comisión de valoración poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o alcalde nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da LPAC.

As comunicacións que formulen as/os aspirantes á Comisión de valoración dirixiranse o seu Presidente e serán presentados no rexistro xeral do concello.

Os membros da Comisión de valoración deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da LRXSP.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros da Comisión de valoración cando nos mesmos conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da LRXSP.

A presidencia coordinará a realización do proceso selectivo e dirimirá os posibles empates nas votacións co seu voto de calidade.

A Comisión de valoración poderá contar coa asistencia e a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, para aqueles aspectos concretos do proceso que debido á especialización técnica do traballo a realizar o a ausencia da mesma entre os membros do Tribunal, resulte imprescindible a súa labor, de acordo co disposto no artigo 13.3 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba el Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.

Ditos asesores colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto en base a súa función de mero asesoramento, sen que participen na toma de decisións da Comisión de valoración.



Concello de Bueu

O seu nomeamento corresponde ao mesmo órgano que designou á Comisión de valoración. Dende a súa designación o/ asesore/s terán que absterse e poderán ser recusados nas mesmas condicións e polas mesmas causas que os membros da Comisión de valoración. Igualmente, os asesores especialistas gardarán sxiilo e confidencialidade sobre todos os datos e asuntos

8º.- Procedemento.-

O procedemento de actuación da comisión de valoración se axustará ao disposto nos arts. 15 e seguintes da lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.

Os/as aspirantes admitidos serán convocados para a realización dunha entrevista persoal, mediante anuncio que se publicará no taboleiro de anuncios electrónico do Concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>) e complementariamente na páxina web do concello (www.concellodebueu.gal), en chamamento único, sendo excluídos do proceso quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada pola Comisión de Valoración.

A entrevista persoal coa Comisión de valoración tratará sobre cuestións vinculadas ás funcións propias do posto de traballo e á experiencia profesional do aspirante, podéndose efectuar preguntas sobre o seu nivel de formación. Se valorará especialmente a experiencia en postos de arquitecto en Administracións Públicas, con especial relevancia dos que houberan desempeñado estas funcións no ámbito dos municipios, concretamente, no ámbito da Comunidade autónoma galega, sen perxuízo de ter en conta a experiencia en postos doutra categoría

A puntuación máxima a obter na entrevista será de 10 puntos.

Os/as aspirantes deberán acudir provistos do DNI, pasaporte ou carné de conducir, podendo a Comisión de Valoración, en calquera momento, requirir aos entrevistados para que acrediten a súa personalidade.

Rematada a entrevista e realizada a correspondente valoración pola Comisión de valoración, se publicará o resultado da mesma no taboleiro electrónico do concello, elevando, ao alcalde, a correspondente proposta de nomeamento como funcionario/a en comisión de servizos do aspirante seleccionado.

O candidato proposto será nomeado polo alcalde para ocupar o posto de arquitecto do concello, en comisión de servizos.

A toma de posesión da/o aspirante nomeado efectuarase no prazo de (03) tres días, contado a partir do día seguinte ao da publicación do seu nomeamento no taboleiro electrónico de anuncios do concello, previamente deberán prometer ou xurar o cargo na forma establecida no Real decreto 707/1979, do 5 de abril. De non tomar posesión no prazo indicado os nomeados quedarán na situación de cesantes, a non ser que presenten causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada.

(Documento firmado electronicamente)

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Concello de Bueu

ANEXO I . MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

I. DATOS PERSOAIS

Apelidos: _____
Nome: _____
D.N.I.: _____
Dirección: _____
Tif: _____
Localidade: _____
Provincia _____

II. DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico facilitado a continuación:

Correo electrónico

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

Electrónica a través da SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE BUEU <https://bueu.sedelectronica.gal>. Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada, e deberá acceder á notificación no apartado CARPETA ELECTRÓNICA/ CAIXA DE CORREO ELECTRÓNICO.

Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)
Dirección: _____

As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición da persoa indicada anteriormente na Sede electrónica do concello de Bueu <https://bueu.sedelectronica.gal> no apartado CARPETA ELECTRÓNICA/ CAIXA DE CORREO ELECTRÓNICO, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.

III. EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria do procedemento selectivo para a cobertura transitoria da praza vacante de ARQUITECTO SUPERIOR do concello, en Comisión servizos do concello de Bueu, publicada no BOP núm. de data.....e de acordo coas condicións establecidas nas bases que as regulan publicadas no citado boletín, pola presente comparezo e declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que coñece o contido das bases reguladoras desta convocatoria.
- Que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos nas correspondentes bases reguladoras do procedemento
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Entidades Locais, nin atoparme inhabilitado para o exercicio de funcións públicas

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Concello de Bueu

- Non atoparme inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas para sentenza firme e non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas

IV. Polo exposto, **SOLICITO** ser admitido ao correspondente proceso selectivo, achegando a estes efectos a documentación que se cita:

- Certificación, expedida por órgano competente da administración pública de procedencia do candidato, comprensiva da condición de funcionario de carreira, desempeñando o posto de arquitecto, pertencente ao Grupo A, subgrupo A1 e en servizo activo, nivel de destino consolidado e antigüidade recoñecida.
- Documento, expedido por órgano competente da administración pública de procedencia do candidato, comprensiva da conformidade de dita administración coa comisión de servizos
- Currículum profesional ao que deberá axuntarse os documentos acreditativos dos extremos consignados nel. Non serán tidos en conta datos consignados no curriculum que non dispoñan da correspondente acreditación documental.

O abaixo asinante solicita ser admitido ao procedemento selectivo ao que se refire a presente instancia, declarando ser certos os datos consignados anteriormente e que reúne as condicións esixidas para acceder ao posto convocado.

Os datos que aquí se recollen contan co consentimento do aspirante, se lles dará o tratamento previsto na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal (art. 5 e 6) e se formarán parte, no seu caso, do ficheiro do concello.

Bueu, a----- de----- de 2019

Sinatura:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BUEU

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.